

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Anuncio

Anuncio aprobación definitiva das bases reguladoras que rexerán a concesión en réxime de concorrència competitiva de subvencións dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais do concello de Muros

O pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2019 acordou aprobar inicialmente *as bases reguladoras que rexerán a concesión en réxime de concorrència competitiva de subvencións dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais do concello de Muros*. (publicación de aprobación inicial no BOP da Coruña nº 88 do 10 de maio de 2019)

Durante o período de exposición pública non se presentaron alegacións polo que a aprobación provisional se eleva a definitiva

A vista do anterior, procede, de acordo co disposto na lexislación vixente, publicar o texto íntegro das Bases a efectos da súa entrada en vigor a partir do día seguinte desta publicación,

ANEXO


Bases reguladoras da convocatoria das subvencións en réxime de concorrència competitiva dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais no concello de Muros

Artigo 1. Finalidade e obxecto

É obxecto destas bases reguladoras fixar o réxime de concesión de subvencións para a realización de programas ou actividades culturais concretas polas entidades sen ánimo de lucro que sexan solicitadas ao Concello de Muros, conforme o procedemento que a continuación se establece.

En concreto as actividades obxecto de subvencións serán as seguintes:

programas e actividades culturais concretas, en particular aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural e á difusión e animación sociocultural que contribúan ao espallamento da cultura galega; gastos de persoal para a dirección e coordinación e desenvolvemento das actividades.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Non serán obxecto de financiamento os seguintes gastos: festas gastronómicas, locais e patronais, agás as actividades e programas a elas asociados que respondan ao previsto nestas bases, nin gastos de comida ou bebida.

Tendo en conta todo isto, a área de Cultura convoca axudas económicas para a participación en programas culturais ou desenvolvemento destes con cargo aos orzamentos municipais do Concello de Muros para a anualidade que corresponda.


Artigo 2. Solicitantes. Requisitos dos beneficiarios

Poderán optar aos programas contidos nesta convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Carecer de fins de lucro.
- Estar rexistradas no Rexistro de Asociacións de Galicia e ter a súa sede no Concello de Muros.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial municipal do Concello de Muros.
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello, coa Seguridade Social e coas Facendas do Estado e Autonómica.
- Non poderán ser beneficiarios/as desta axuda aqueles que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. Condicións

- As entidades poderán solicitar só un proxecto de actividade.
- O Concello de Muros poderá conceder subvencións de ata un máximo de 1.500,00 € por proxecto.
- O proxecto deberá contar cun nivel de autofinanciamento da propia entidade de polo menos o 10% do seu importe.
- A entidade non deberá ser beneficiaria de ningunha outra axuda económica durante a mesma anualidade do Concello de Muros para a mesma actividade.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- Comprometerse a empregar a lingua galega en toda a publicidade, publicacións, Internet, actos públicos ou material que se cree relativo á actividade subvencionada.

Artigo 4. Solicitudes

4.1. Documentación

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, no Rexistro do concello ou na páxina web www.muros.gal.


A persoa que realice a solicitude deberá de estar debidamente acreditado coma representante da entidade solicitante, presentando se non constara no Concello, documentación acreditativa deste extremo.

Achegarase tamén a seguinte documentación:

4.1.1. Documentación xeral da entidade:

- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade, agás se xa foi presentada en anos anteriores.
- Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade, agás se xa foron presentados en anos anteriores.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF da persoa representante.
- Declaración de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello, coa Seguridade Social e coas Facendas do Estado e Autonómica (anexo II).
- Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade.
- Declaración orixinal da persoa representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da administración pública, e de aceptación das bases da convocatoria (anexo II).
- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Muros en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades (anexo III).
- Acordo da entidade de aprobación da solicitude de subvención.

4.1.2. Documentación específica da subvención:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- Memoria explicativa da actividade que se vai realizar. A memoria deberá mencionar ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente da axuda, o calendario fixado e o compromiso de uso do galego.
- Declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade (anexo II).
- Memoria explicativa das actividades realizadas pola entidade durante o último ano.
- Orzamento estimativo de ingresos e gastos do proxecto para a actividade solicitada.

A documentación que se entregue en fotocopia ha de estar compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser corrixido no prazo de 10 días dende a recepción do requirimento.

Artigo 5. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

5.1. Presentación ordinaria:

As solicitudes presentaranse por calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

5.2. Prazo de presentación:

O prazo de presentación das solicitudes será de un mes a partir da data de publicación da Convocatoria anual referida a estas Bases no BOP da Coruña.


Artigo 6. Criterios de outorgamento da subvención

6.1. Valoración das solicitudes

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van realizar, valorando as seguintes circunstancias:

6.1.1 – Criterios avaliados mediante informe:

- Calidade, interese, orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade desde o punto de vista cultural: 20 puntos.
- Carácter social e integrador do proxecto: 15 puntos.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- Carácter continuado e non ocasional do proxecto: 10 puntos.
- As actividades realizadas pola entidade durante o último ano: 15 puntos.
- Adecuación das actividades que se van realizar o interese municipal: 15 puntos.

6.1.2 – Criterios cuantificables mediante fórmulas ou tramos

- Nivel de autofinanciamento derivado da solicitude: 10 puntos.

Nivel de autofinanciamento	puntuación
$10\% < 15\%$	2
$15\% < 20\%$	4
$20\% < 25\%$	6
$25\% < 30\%$	8
+ de 30%	10

- Número de persoas beneficiadas directa ou indirectamente polas actividades: 15 puntos.


Persoas beneficiarias	puntuación
$100 < 200$	3
$200 < 300$	6
$300 < 400$	9
$400 < 500$	12
+ de 500	15

Artigo 7. Contía das subvencións

O Concello de Muros poderá conceder subvencións de ata un máximo de 1.500,00 € por proxecto. A contía de todas as axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria será con cargo a aplicación orzamentaria 19/334.48000

Artigo 8. Resolución dos programas. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrència competitiva e será aprobada por unha resolución da Xunta de Goberno Local, despois da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Conforme ao establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase unha comisión de valoración que estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta: alcaldesa do Concello de Muros.
- Secretario: secretario/a municipal, que participará con voz pero sen voto.
- Vogais: O interventor, ou funcionario do departamento de Asuntos Económicos no que delegue e un/unha técnico da área de Cultura.

Desígnase coma Órgano Instrutor, coas funcións previstas nos artigos 24 da Lei Xeral de Subvencións e 21 da Lei de Subvencións de Galicia, a persoa que teña funcións de técnico da área de Cultura do concello de Muros

8.1. Notificación e publicidade da resolución

A resolución de concesión notificarase expresamente a todas as persoas solicitantes de forma fidedigna nun prazo máximo de tres meses dende a data límite de presentación de solicitudes. As subvencións concedidas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Muros e na súa páxina web www.muros.gal.


Vencido o prazo máximo sen que sexa notificada a resolución expresa a persoa interesada deberá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 9. Xustificación e pagamento

9.1. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións **finalizará o día 15 de novembro da anualidade correspondente.**

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo, o Concello de Muros, mediante a resolución correspondente, iniciará expediente de declaración de procedencia de perda de dereito de cobro da subvención, con aplicación do procedemento previsto no artigo 89 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións 38/2003. A resolución final notificaráselle á entidade da que se trate.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


9.2. Consideracións xerais

- As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.
- As subvencións aboaranse a medida que vaian sendo xustificadas.
- A cantidade que hai que xustificar será: a cantidade outorgada máis a porcentaxe de autofinanciamento marcada pola propia entidade, que será un mínimo do 10% da cantidade outorgada.
- O importe das subvencións concedidas non poderá ser en ningún caso de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá a entidade beneficiaria.
- Para o cobro da subvención as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Muros, situación que determinará de oficio o propio Concello. E estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.3. Documentación xustificativa

Para o cobro da subvención as entidades deberán presentar unha conta xustificativa simplificada, mediante a achega da documentación que, deseguido, se sinala:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos (anexo V).
- Publicidade (carteis, trípticos...) xerada da actividade na que se fará constar a imaxe corporativa do Concello de Muros así como a súa colaboración.
- No caso de non realizar publicidade deberá presentar unha declaración na cal se manifeste que a entidade non realizou ningún tipo de publicidade.
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto (anexo VI).
- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas, que se han de referir aos gastos presentados na solicitude desta subvención.
- Xustificantes bancarios do pagamento das facturas presentadas nos que deberán aparecer o pagador (entidade) e o/a beneficiario/a (empresa titular que emite a factura).



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse unha certificación da administración outorgante na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos.
- Declaración orixinal de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (anexo II).

Tramitación da xustificación

Entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base 9.3 anterior.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado dito prazo archivarase a solicitude e non haberá dereito á reclamación.

O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta sinalada pola entidade

Artigo 10. Compatibilidade

- A entidade non deberá ser beneficiaria de ningunha outra axuda económica durante a anualidade que corresponda do Concello de Muros para a mesma actividade.
- As entidades poderán solicitar só un proxecto de actividade decantándose pola convocatoria de programas dirixidos a actividades culturais ou a actividades deportivas.

Artigo 11. Incumprimentos e sancións


A falta de presentación da documentación no prazo establecido na base 9.1 suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

Se a cantidade xustificada fora inferior a concedida, máis o 10% de autofinanciamento, a contía a ingresar quedará minorada na mesma porcentaxe que a xustificación presentada. Se a xustificación non acadou o 50%, anularase a subvención, por entender que non acadou a súa finalidade.

Disposición adicional

Con carácter xeral admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas:

- Diante de notario/a.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- Polo secretario do Concello ou funcionario/a habilitado/a ao efecto.
- Polo rexistro doutros organismos públicos, naqueles casos nos que se presenten os documentos a través doutros organismos públicos que estean autorizados a efectos de rexistro.

Disposición final

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, mantendo a súa Vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Muros a 15 de xullo de 2019
A alcaldesa
María Inés Monteagudo Romero